



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA CINCO DE XUÑO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día cinco de xuño de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (09/05/2019)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201900000000366 de don José Luís Castro Munín e dona Marina Sánchez Montaña (Expediente núm. 2019/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en A Estrada (Pontevedra), solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en San Pedro –San Pedro de Sarandón (Expediente núm.: 2019/U022/000013), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Juan Pinto Tasende, en calidade de arquitecto, sendo don Luis Fole Barrio o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 40% da parcela neta, núm. plantas: baixa; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A506020280000AX.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Juan Pinto Tasende e data de visado 27/02/2019 e ao anexo achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada, na zona pintada, harmonizará co contorno de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

-Previo ao inicio da obra deberá aportar os planos modificados visados.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número a.1arquitectura (modificado), de 37 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos cincuenta e dous euros con corenta e seis céntimos (#1.552,46#)

2.2.- Instancia núm. 201900000000634 de Bocaleón Ibérica, S.L. (Expediente núm. 2019/U022/000015)

Dáse conta da citada instancia na que don Francisco Javier Simón Barallobre, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L. solicita licenza para obras de canalización para acometida eléctrica en Caxaraville (San Miguel de Sarandón), (expediente núm.: 2019/U022/000015), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Juan Romero Brañas, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Juan Romero Brañas, en calidade de Enxeñeiro Industrial e de data abril de 2019.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos oitenta e dous euros con trinta e nove céntimos (#282,39#).

2.3.- Instancia núm. 201999900000038 de don Manuel Casal Martínez. (Expediente núm. 2019/U024/00001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de muro de contención en Outeiro, 13- Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2019/U024/000001), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002302500NH43F0001RI.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras executaranse conforme á documentación técnica achegada de data abril de 2019.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trece euros con vinte e nove céntimos (#113,29#)

2.4.- Comunicación previa de obra de R. Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A (Expediente núm. 2019/U026/000014)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra achegada por don Jon Ander de las Fuentes Inchausti, en representación de R. Cable y Telecomunicaciones,S.A, para ampliación das obras de canalización comunicadas en data 25/5/18 cun novo tramo de 100 m. de largo, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Ramón Rodríguez Enríquez en calidade de enxeñeiro e de data abril de 2019 Código P18400515.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo no lugar de Ramil- San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados. Así mesmo o pavimento da vía municipal afectada deberá quedar nas mesmas condicións nas que estaba.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación, adecuándose á información gráfica que foi presentada. Ao finalizar as actuacións obxecto da comunicación deberá achegar certificación da súa finalización e conformidade coa documentación técnica, así como fotografías do estado das mesmas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e cinco euros con corenta e catro céntimos (#75,44#).

2.5.- Comunicación previa de obra de Bocaleón Ibérica, S.L. (Expediente núm. 2019/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Francisco Javier Simón Barralobre, en representación de Bocaleón Ibérica, S.L. para construción de cerramento de parcela, pola súa parte leste, de aproximadamente 90 m. lineais, con base de pedra de 1,50 m. de alto e recuándoo 6 m. do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50601129, emprazada en Caxaraville-San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes. Cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dez euros con catorce céntimos (#210,14#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona M^a. Josefa H. Martínez Vilasante. (Expediente núm. 2019/U026/000016)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Josefa Hermita Martínez Vilasante para rehabilitación de vivenda consistente na reparación da cuberta, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Gonzalo Navaza Mosteiro en calidade de arquitecto técnico e de data maio de 2019.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001100500NH43D0001JD, emprazada en Corbeixe, 2 - San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno.



Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de estadas deberá achegar nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e sete euros con vinte (#137,20#).

3º.- Aprobación, se procede, de certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 3 da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (POS +2018)*

Dáse conta da certificación núm. 3 da obra de Ampliación da rede de abastecemento en San Xián de Sales, Illobre, Marzán e San Pedro de Vilanova (POS+ 2018), e máis da factura núm. E019 17 da empresa adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L. por importe de corenta mil cento sesenta e cinco euros con trinta e dous céntimos (#40.165,32#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2018/2019

Vista a proposta definitiva emitida pola Comisión Avaliadora das axudas para o ensino e o transporte do concello de Vedra, curso escolar 2018-2019, de acordo coa base oitava das reguladoras da convocatoria das mesmas, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2019, e publicadas con data 12 de febreiro no BOP núm. 30/19, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello, a Xunta de Goberno acorda:


PRIMEIRO .- A concesión das seguintes axudas para o ensino:

ALUMNO/A	ESTUDOS	PUNTOS	AXUDA PROPOSTA
DANIEL IGLESIAS BOTANA	1º ESO	4	100
PABLO IGLESIAS BOTANA	4º PRIMARIA	4	100
LUÍS DA SILVA OROSA	2º ESO	4	100
NEREA DA SILVA OROSA	1º ESO	4	100
ADRIANA BARREIRO SANGIAO	6º INFANTIL	6	100
CARLOTA BARREIRO SANGIAO	4º INFANTIL	6	100
LAURA DE CASTRO EDREIRA	2º ESO	6	100
SARA DE CASTRO EDREIRA	2º BACHARELATO	6	150
BRAIS DE CASTRO EDREIRA	CICLO FORMAT. GRAO MEDIO	6	150
VERA ANDRADE PENEDO	6º INFANTIL	2	100
GAEL ANDRADE PENEDO	3º PRIMARIA	2	100



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ANDREA ALDREY CAO	2º BACHARELATO	6	150
MARTA ALDREY CAO	2º ESO	6	100
JOSÉ M ^a . DOPAZO MALLO	2º ESO	6	100
ANGELA DOPAZO MALLO	1º PRIMARIA	6	100
DANIEL IABANJI PADURARU	2º ESO	6	100
MELISA IABANJI PADURARU	3º PRIMARIA	6	100
DEONISA IABANJI PADURARU	4º PRIMARIA	6	100
LAURA BOUZÓN GONZÁLEZ	ESTUDOS UNIVERSITARIOS	6	200

SEGUNDO.- Así mesmo recoñéceselle o dereito a unha axuda de transporte aos /ás seguintes alumnos/as, por importe do 50% do custo da viaxe por 40 viaxes/mes durante o curso escolar (base quinta).

SARA DE CASTRO EDREIRA (2º DE BACHILLER)

BRAIS DE CASTRO EDREIRA (CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO)

ANDREA ALDREY CAO (2º BACHARELATO)

LAURA BOUZÓN GONZÁLEZ (ESTUDOS UNIVERSITARIOS)

TERCEIRO.- Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello.

CUARTO.- A xustificación das axudas concedidas presentárase antes do 1 de setembro deste exercicio, debendo achegar a documentación sinalada na base undécima.

5º.- Aprobación, se procede, dos Padróns Fiscais de taxas do exercicio 2019.

5.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2019*, formados unha vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 60, do 28/03/2019) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos en función das seguintes Resolucións da Alcaldía ditadas nos meses de marzo e abril: 159/2019 e 202/2019 (2 cambios de titularidade), 206/2019 (1 alta nova), 201/2019 (tramitación de solicitude para recoñecemento do dereito de redución do 50% da cota tributaria, concedido por acordo da Xunta de Goberno Local de 09/05/2019, punto 4º da orde do día).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 03/06/2019, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e o feito de ser esixible da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e



notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2019* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 2.090 (dúas mil noventa).

Número de liquidacións con importe igual a cero euros: 2 (dúas).

Número total de recibos a emitir: 2.088 (dous mil oitenta e oito).

Importe total do Padrón: 160.128,08 € (cento sesenta mil cento vinte e oito euros e oito céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

5.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2019*, formados unha vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 60, do 28/03/2019) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos en función das Resolucións da Alcaldía núm. 179/2019 (1 cambio de epígrafe) e 207/2019 (1 alta nova), ditadas no mes de abril.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 03/06/2019, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e o feito de ser esixible da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na Ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2019* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 520 (cincocentas vinte).

Número total de recibos a emitir: 520 (cincocentas vinte).

Importe total do padrón: 17.946,00 € (dezasete milnovecientos corenta e seis euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
904- 015	25/04/2019	1.210,00	Obradoiro C.A.B. SAD	Convenio de colaboración asinado o 25/02/2019 para a promoción da Festa do Viño
H/2/19	03/05/2019	768,96	Suárez Global, S.L.	Intermediación no sinistro 587050926 referido á póliza de accidentes da BTT nº 45051857
291185	24/04/2019	1.740,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A subministrado na nave de Trobe o 24/04/2019
393424	25/04/2019	420,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C subministrado no Centro de Saúde de Vedra o 25/04/2019
393430	25/04/2019	840,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C subministrado na biblioteca municipal e ludoteca o día 25/04/2019
53140100778191	08/05/2019	355,74	Siemens Renting, S.A.	Fra: 53140100778191. Cota de arrendamento de tres máquinas fotocopiadoras. Período: 21/05/2019-11/06/2019
2019//12461	09/05/2019	3.480,93	Barreras de Seguridad, SL	Colocación barreiras seguridade en vías municipais en Trobe e Vilanova
2019/1007	30/04/2019	5.637,52	Sogama S. A.	Tratamento residuos sólidos urbanos. Mes de abril/2019
426/19	03/05/2019	109,51	Gamallo Gómez Manuel - Talleres M. Gamallo	Revisión pre-ITV vehículo 2445BLH
151219FC0004031	03/05/2019	47,59	Supervisión y Control, S.A.	Revisión ITV vehículo 2445BLH
A/106	30/04/2019	990,81	García Sarandón, S.L.U.	Materiais subministrados para a brigada verde, brigada de obras e atencións protocolarias
A/92	30/04/2019	100,79	García Sarandón, S.L.U	Produtos subministrados para a cafetería da Terceira Idade en abril/2019
FC97889	30/04/2019	236,46	García Sarandón, S.L.U	Produtos subministrados no mes de abril para o servizo de madrugadores
2019/1087	30/04/2019	840,37	Sogama S. A.	Tratamento residuos sólidos urbanos. Mes de abril/2019 (Planta Silleda - 29/04/2019)
5600187180	30/04/2019	6.463,42	Ferrovial Servicios S.A.	Servizo integral de mantemento da iluminación pública P2 (mantemento) e P3 (garantía total). Abril/2019
18	26/04/2019	352,80	Suffruticosa, S.C. (vivero de boj)	Camelias subministradas para reposición en Avenida Mestre Manuel Gómez
10/2019	30/04/2019	264,00	Barcala Chedas Montserrat	Obradoiro de ximnasia hipopresiva para a Terceira Idade. Abril/2019
11/2019	30/04/2019	176,00	Barcala Chedas Montserrat	Obradoiro de bailoterapia para a Terceira Idade. Abril/2019
975407703	08/05/2019	145,86	Consellería de Facenda	Pago taxas aprobación provisional modificación PXOM
1/2019	10/05/2019	1.663,75	Ladra Fernández Xosé Lois	Control e seguimento arqueolóxico das obras de ampliación da rede de abastecemento en Castro (Ponte Ulla)
FA119 450	08/05/2019	98,46	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Botóns para camión recollida do lixo subministrados en abril/2019
2019/1164	30/04/2019	825,13	Sogama S. A.	Tratamento residuos sólidos urbanos. Mes de abril/2019 (Planta Silleda - 30/04/2019)
420200273	30/04/2019	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Convenio publicidade subscrito co concello. Abril/2019
2019/059	07/05/2019	786,24	Xestedec Comunicación	Impresión boletín municipal do mes de maio/2019 en galego
A/3	25/01/2019	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de xaneiro/2019



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



19/181	09/05/2019	20,00	Electro Lestedo, S.L. (Electro Bermúdez)	Trofeos para atencións protocolarias (Terras de Compostela)
A/40	28/02/2019	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de febreiro/2019
A/79	31/03/2019	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de marzo/2019
FP11906338	30/04/2019	746,15	Paz Dismac, S.L.	Material de oficina subministrado en abril/2019
A/113	30/04/2019	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial prestado no mes de abril/2019
1901025149	02/05/2019	503,12	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer locais e peirao na estación de tren en Santa Cruz. Mes de maio/2019
A/4	25/01/2019	1.710,01	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra e das escolas de San Xián e San Fins prestado no mes de xaneiro/2019
19/94	30/04/2019	38,65	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados para o CPI de Vedra e colocación panel publicitario en Socastro
19/93	30/04/2019	343,62	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras en vía pública en Tomonde e arranxo de fonte en Romarís
19/92	30/04/2019	413,40	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para soportes de colectores do lixo en San Xián, Socastro e arranxo de muro na vía pública en San Xián
A/41	28/02/2019	1.710,01	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra e das escolas de San Xián e San Fins prestado no mes de febreiro/2019
A/80	31/03/2019	1.710,01	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra e das escolas de San Xián e San Fins prestado no mes de marzo/2019
A/114	30/04/2019	1.710,01	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra e das escolas de San Xián e San Fins prestado no mes de abril/2019
43190101278	30/04/2019	2.651,91	Espina & Delfín, SL	Subministración de auga ao concello. 1º T. 2019 Contador (A13JE001036X)
43190101459	30/04/2019	749,85	Espina & Delfín, SL	Subministración de auga ao concello. 1º T. 2019 Contador: 18MF903639K
43190101460	30/04/2019	15,99	Espina & Delfín, SL	Subministración de auga ao concello. 1º T. 2019. Contador: D19BA028516
GAL0027719F00013	14/05/2019	417,01	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Limpeza foxa séptica en Tomonde o 30/04/2019
GAL0027719F00012	14/05/2019	417,01	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Limpeza foxa séptica en Tomonde o 16/04/2019
GAL0027719F00010	14/05/2019	278,01	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Limpeza foxa séptica en Tomonde o 04/03/2019
GAL0027719F00011	14/05/2019	417,01	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Limpeza foxa séptica municipal en Tomonde o 27/03/2019
C15-19	30/04/2019	607,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de abril de 2019
A19/207	16/05/2019	660,66	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión, subministración e tramitación na XEZ e na OCE das papeletas para as eleccións locais do 26/05/2019
623	15/05/2019	2.381,28	Escayolas Piñan, SL	Colocación trasdosados no local social de Trobe (R.A. 238/2019)
2019/388	30/04/2019	21,83	Rodríguez Bugallo María del Pilar (Registro Propiedad nº 1 de Santiago)	Información de rexistro para o departamento de urbanismo en abril/2019
32134999	04/04/2019	891,67	Automóviles Louzao, S.L.U.	Revisión xeral ordinaria do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 04/04/2019



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



263	02/05/2019	1.874,04	Instaiglesias, S.L. (Fontanería, calefacción, electricidade)	Traballos feitos do 25/03 ao 02/05/2019 en campos fútbol de O Coto e Vilanova, CEIP Sta. Cruz, escola San Xián e outros
E19/00228	15/05/2019	3.257,21	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar prestado no mes de abril/2019. (Horas laborables libre concorrencia. IVE 10%)
E19/00227	15/05/2019	39.296,76	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar prestado no mes de abril/2019 (horas laborables e festivas. IVE 4%)
E19/00226	15/05/2019	3.154,79	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar prestado no mes de abril/2019. (Horas laborables libre concorrencia. IVE 4%)
TD-E9TG-104536	19/05/2019	267,89	Telefónica de España, S.A.U.	Instalación, xestión, mantemento e arrendamento router e alta ADSL 981503138 na casa consistorial mes abril/2019
TA67C0000169	19/05/2019	274,38	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico Ibercom na casa consistorial (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012275	19/05/2019	26,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na oficina de turismo de Vilanova (cotas de maio/2019)
TA6570012268	19/05/2019	21,97	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012280	19/05/2019	60,14	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na axencia de lectura de Santa Cruz (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012278	19/05/2019	87,91	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico no salón de plenos da casa consistorial (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012281	19/05/2019	55,30	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na biblioteca municipal (cotas de maio/2019)
TA6570012277	19/05/2019	60,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas mes maio/2019)
TA6570012274	19/05/2019	26,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na escola de música de Santa Cruz (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012279	19/05/2019	17,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico liña 981503138 na casa consistorial (cotas e voz liña individual mes maio/2019)
TA6570012270	19/05/2019	18,61	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas mes de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
TA6570012276	19/05/2019	27,61	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na casa da Terceira Idade (cotas de maio/2019 e tráfico de abril/2019)
P 902237	21/05/2019	291,66	Editorial Compostela, SA	Convenio publicidade asinado de xullo/2018 a xuño/2019. (Maio/2019)
C91	14/05/2019	31,68	Distribuciones Aldami SC	Produtos subministrados para a cafetería da Terceira Idade
190004	23/05/2019	17,35	Farmacia Clara Isla Fernández	Produtos subministrados para caixa de emerxencias da ludoteca municipal
2019 76	21/05/2019	3.724,38	Aluminios Vedra, S.L.	Peche de aluminio con porta abatible dunha folia con cristal de seguridade instalada no pavillón municipal
355	24/05/2019	3.388,00	Torreira Velo Juan José	Traballos de apoio á brigada verde municipal no mes de maio en San Xián, San Fins e Trobe
25	22/05/2019	405,35	Francisco Javier Pichel Ortigueira	Traballos de poda e corte en centro de saúde, xulgado de paz e beirarrúas en Vedra
26	22/05/2019	623,15	Francisco Javier Pichel Ortigueira	Traballos de corta e roce en maio realizados no centro de saúde, gardería, centro Terceira Idade e Avda. M. M. Gómez
393829	07/05/2019	1.259,16	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B subministrado na nave de Trobe para vehículos municipais



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



19/5495	20/05/2019	29,04	José Cea, S.L. - Persianas Metálicas	Chapa aluminio pregada para reixa na escola de música de Santa Cruz
201900277	30/04/2019	133,81	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados para arranxos no CEIP Ortigueira no mes de abril/2019
CO 005678	24/05/2019	141,78	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Fra. CO 005678. Lectura fotocopiadora/impresora do departamento de urbanismo. Período: 01/05/2019 - 24/05/2019
CO 005677	24/05/2019	242,71	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Fra. CO 005677. Lectura contadores fotocopiadora/impresora oficinas xerais. Período: 01/05/2019 - 24/05/2019
CO 005676	24/05/2019	27,54	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Fra. CO 005676. Lectura contador fotocopiadora/impresora servizos sociais. Período: 27/03/2019 - 24/05/2019
Emit- 17	27/05/2019	2.999,29	Inda Iniciativas, S.L.	Asistencia técnica para xestión coordinación e avaliación do proxecto Incubadora transnacional de emprendemento.Erasmus+
28	27/05/2019	580,80	Francisco Javier Pichel Ortigueira	Traballos de corte de céspede na pista de rodadura de Vedra no mes de maio/2019
2CONC 000005	27/05/2019	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura infantil e de adultos. Mes de maio/2019
Emit- 66	28/05/2019	229,90	Logística, Gestión y Servicios para Eventos, S.L. (US Eventos)	Aluguer dúas cabinas Eco WC en San Mamede o 25 de maio de 2019
2019//12500	28/05/2019	3.669,93	Barreras de Seguridad, SL	Pintado da estrada de San Fins á Gándara. Expte. mún. 2019/C002/00018
9190349766	28/05/2019	16,94	Fabrica Nacional de Moneda y Timbre	Certificado dixital de representante do concello de Vedra para relacións coas Administracións, Entidades e Organismos
82	28/05/2019	1.445,00	Aluminios Vedra, S.L.	Colocación contras no local social de Trobe (R.A. 237/19)
A/19	13/05/2019	324,61	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Trampas e líquido para a loita contra a avespa asiática subministrado en abril e maio
A/20	13/05/2019	128,70	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Casca de piñeiro para xardíns na pista de rodadura de Vedra subministrada en abril/2019
1201900123	29/05/2019	350,90	Silva Suárez Samuel - Gráficas de Vedra	Subministración de dous carteis de obra para o departamento de urbanismo
3063785	31/05/2019	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal. Período de 01/05/2019 a 31/05/2019
28-F9M0-150894	01/06/2019	32,33	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe (período 18/04/2019-17/05/2019 e cotas 05/2019)
28-F9M0-069260	01/06/2019	54,45	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo de internet móbil (Multidispositivo 45) cotas e tráfico do período 18/04/2019-17/05/2019
28-F9M0-016995	01/06/2019	141,09	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo telefónico plan empresas móbil 3 liñas (período 18/04/2019-17/05/2019 e cotas 05/2019)
28-F9U1-005494	01/06/2019	918,31	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 36 extensións móbiles (período 18/04/2019-17/05/2019 e cotas 05/2019)
28-F9U1-093306	01/06/2019	5,57	Telefónica Moviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 20 extensións fixas (período 18/04/2019-17/05/2019 e cotas 05/2019)
V 05-2019 900	31/05/2019	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Fra. V 05-2019 900. Servizo de xestión da escola infantil municipal durante o mes de maio/2019
L- 37	31/05/2019	1.590,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza do CPI de Vedra durante o mes de maio/2019



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



GAL0027719F00014	03/06/2019	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración realizada durante o mes de maio/2019
Rect-Emit- 2519	09/05/2019	4.115,00	Seispes Producións Creativas, S.L.	Concerto Odaiko e Vanesa Muela realizado o 14/04/2019 dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2019
21/2019	30/05/2019	2.465,38	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do Concello de Vedra realizadas durante o mes de maio/2019
22/2019	30/05/2019	3.025,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Redacción de proxecto para axudas de mellora de eficiencia enerxética en edificios públicos (INEGA)
15/2019	26/04/2016	2.465,38	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do Concello de Vedra realizadas durante o mes de abril/2019
16/2019	26/04/2019	4.235,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Dirección da obra de adaptación da escola de San Mamede para obradoiro de envasado de produtos agrícolas
E-19/2019	28/05/2019	128,00	Miranda Santasmarinas Lucia	Obradoiro de traballo corporal para a Terceira Idade realizado no mes de maio/2019
5/2019	03/06/2019	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal correspondente ao mes de maio/2019 para impartir clases de música en Santa Cruz segundo convenio
5/2019	03/06/2019	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal correspondente ao mes de maio/2019 para impartir clases de música en Vedra segundo convenio
29	30/05/2019	1.045,70	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos en CPI Vedra, escola S. Fins, biblioteca, escola música Sta.Cruz, campo fútbol S. Mamede, casa T. Idade, ludoteca e outros durante os meses de abril e maio/2019
730975412349 0	23/05/2019	252,45	Consellería de Facenda	Taxa por publicación no DOG da aprobación definitiva do plan especial de protección do PE-1, núcleo de Ponte Ulla
2019-31	15/05/2019	173,40	Ibernisha, S.L.	Circuitos termais dos participantes na excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz do día 15/05/2019 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
15	15/05/2019	444,00	Acredores diversos	Fra.de M ^a Luísa Areán Dieguez por menús dos participantes na excursión da T. Idade ás Termas de Outariz o 15/05/2019 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
7 Tickets	03/05/2019	29,42	Acredores diversos	Produtos e materiais mercados para a ludoteca municipal en abril e maio de 2019
1PSN190500023202	11/05/2019	91,81	CHC Comercializador de Referencia, S.L.U.	Fra. 1PSN190500023202. Subministración de electricidade á iluminación pública de Caldelas do 31-03-2019 ao 30-04-2019
201900291	31/05/2019	859,74	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados para o servizo municipal de auga na primeira quincena de maio/2019
201900292	31/05/2019	792,66	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados para o servizo municipal de auga na segunda quincena de maio/2019
FP11902773	28/02/2019	140,80	Paz Dismac, S.L.	Material de oficina subministrado en marzo/2019
87	31/05/2019	332,75	Abralde Fernández Manuel - Canteiras Grandeiro	Palé de chapa para obras na entrada do tanatorio en San Pedro de Sarandón e na fonte de Romarís
201900290	31/05/2019	914,12	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en maio/2019 (caixas de suxestións, produtos limpeza, chaves, tubos saneamento, vestuario e outros)
1188	20/05/2019	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 15/05/2019 ás Termas de Outariz e Fraga de Catasós con achegas do participantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1189	20/05/2019	550,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo autocar prestado á escola unitaria de Sarandón a Betanzos e Gandarío os días 11 e 12 maio/2019
1201	04/06/2019	660,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo 2 autocares prestado para excursión a Teixeira do CEIP Ortigueira o día 30/05/2019
19-674	31/05/2019	5,00	Puente Ulla S.L.	Bidón homologado de 5 l para brigada verde
19-677	31/05/2019	9,61	Puente Ulla S.L.	Carburante ADBLUE subministrado o día 20/05/2019 para brigada verde
19-676	31/05/2019	202,02	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e gasolina 95 subministrados para o vehículo do servizo municipal de augas no mes de maio/2019
19-675	31/05/2019	92,75	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B e outros produtos subministrados para o tractor 2564BDT o 29/05/2019
19-678	31/05/2019	1.608,09	Puente Ulla S.L.	Combustible subministrado no mes de maio para o vehículo 9047HPG (camión recollida lixo)
19-679	31/05/2019	105,32	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada no mes de maio/2019 para brigada verde
19-680	31/05/2019	7,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para cortacésped CEIP Ortigueira
FA01977	31/05/2019	1.910,00	Grupo Viaxes Jelbal, S.L.	Tramitación das viaxes a Italia e Países Baixos dos participantes de Vedra no proxecto Erasmus+: YouthNest.crea
10 Liquidacións		2.285,88		Asistencias tribunal cualificador do proceso selectivo para provisión dunha praza de auxiliar administrativo celebrada os seguintes días: 14/01/2019, 06/03/2019, 13/03/2019, 18/03/2019, 25/03/2019 03/04/2019, 10/04/2019 e 02/05/2019
5 Liquidacións		189,72		Asistencias tribunal Programa Aprod Rural da Xunta de Galicia o 10/05/2019
5 Liquidacións		497,60		Asistencias e quilometraxe tribunal cualificador do proceso selectivo para un posto de técnico/a de turismo da Deputación Provincial de A Coruña (DP 0029/2019)
3 Liquidacións		197,25		Fondo social tres traballadores
Quilometraxe e asistencias		61,95	Pereiras Caldelas, Mercedes	Asistencia a curso "Licitación electrónica. Teoría práctica. Nivel 2" o día 28/05/2019 en A Coruña.
Quilometraxe e asistencias		60,60	Pereiras Caldelas, Mercedes	Asistencia a curso "Administración electrónica para e-responsables municipais. Novas funcionalidades" o día 20/05/2019 en A Coruña
Quilometraxe e asistencias		109,00	Aldrey Pereira, Ana María	Asistencia e quilometraxe a curso "Xestión e mellora estratéxica da contratación e execución do Servizo de Axuda no Fogar" realizado en Noia o día 21 e 23 de maio
Quilometraxe		86,25	Lema Rodríguez, Clara	Quilometraxe meses de abril e maio/2019 por control de obras e visitas de comprobación de expedientes varios
Quilometraxe		64,00	Munín Castelao, José Ignacio	Quilometraxe xestións CEIP Ortigueira
Quilometraxe		49,00	Carbajales Mouriño, Cristina	Quilometraxe marzo e abril xestións CIM

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería-Ferretería, El Sol, S.L, por razón de parentesco, acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de maio:

DECRETO	DATA	ASUNTO
213	02/05/2019	Delegación funcións Alcaldía do 10-25 de maio na 1ª Tenente de Alcalde, por vacacións do titular
214	02/05/2019	Pagamento convenios correspondentes ao 2019
215	02/05/2019	Ordenando a contratación de don Rubén Nieto Rico para o reforzo do servizo de tractorista-palista para limpeza de fincas e camiños municipais dende o 06/05 - 13/09 (bolsa de emprego temporal 2017)
216	02/05/2019	Modificando R.A. 156/19 de data 30/03/2019 (apartado segundo pola que se procede ao pagamento nun único prazo da indemnización aos herdeiros o funcionario falecido, don Carlos J. Sanmartín Carrera
217	05/05/2019	Solicitud de transferencia finalista para cofinanciamneto dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
218	02/05/2019	Concesión axuda económica a U.D. Val do Ulla
219	02/05/2019	Adxudicando a Barreras de Seguridad, S.L o pintado da estrada municipal de San Fins de Sales. Expediente contrato menor 2019/C002/000018
220	03/05/2019	Adxudicando a Vagulume Xestión Integral de Servicios, S.L o servizo de monitor da ludoteca municipal para cubrir licenza sen soldo de monitora (Expediente contrato menor 2019/C002/000017)
221	03/05/2019	Autorizando licenza sen soldo á traballadora dona Sonia Carbia Cutrín
222	03/05/2019	Adxudicando a Barreras de Seguridad, S.L colocación de barreiras de seguridade en Trobe e Vilanova . Expediente contrato menor 2019/C002/000019
223	06/05/2019	Cambio de domicilio padrón municipal de habitantes
224	06/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
225	06/05/2019	Aprobando lista de aspirantes admitidos/excluídos proceso selección APROL RURAL 2019, e data, hora e lugar para a baremación de méritos
226	06/05/2019	Adxudicando a Marbe Hispania, S.L subministración de formigón para San Pedro de Sarandón (acceso e inmediacións do local social). Contrato menor 2019/C002/000020
227	06/05/2019	Aprobación xustificación e orde de pagamento axuda económica
228	06/05/2019	Adxudicando a Pavimentaciones Calpi, S.L a pavimentación do acceso e inmediacións do local social de San Pedro de Sarandón. Expediente contrato menor 2019/C002/000021
229	06/05/2019	Expediente modificación de créditos 5/2019- xeración
230	06/05/2019	Expediente modificación de créditos 6/2019- xeración
231	06/05/2019	Expediente modificación de créditos 7/2019- xeración
232	06/05/2019	Expediente modificación de créditos 8/2019- xeración
233	06/05/2019	Concesión servizo SAF –Libre concorrencia a I.B.C
234	06/05/2019	Concesión tarxeta aparcamento para persoas con mobilidade reducida
235	06/05/2019	Concesión tarxeta aparcamento para persoas con mobilidade reducida
236	07/05/2019	Adxudicándolle a Aluminios Vedra, S.L a colocación de cerramento de aluminio no local de festas de San fins de Sales . Exp. Contrato menor 2019/C002/000022
237	07/05/2019	Adxudicándolle a Aluminios Vedra, S.L a colocación de contras no local social de Trobe . Exp. Contrato menor 2019/C002/000023
238	07/05/2019	Adxudicándolle a Escayolas Piñán, S.L a colocación de pladur nas paredes do local social de Trobe para arranxo de humidades. Ex. Contrato menor 2019/C002/000024
239	07/05/2019	Nomeando a dona Alicia Prol Teijeiro como funcionaria municipal (rematado o proceso selectivo para a provisión dunha praza de funcionario/a municipal, como auxiliar administrativo/a, incluída na OEP 2018
240	08/05/2019	Incoando expediente reposición legalidade por obras levadas a cabo en Gundián – Ponte Ulla
241	08/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
242	08/05/2019	Confirmando obras Plan Complementario POS +2018 (Adicional 1/2019)
243	09/05/2019	Listaxe provisional de admitidos/excluídos proceso selectivo técnico/a de turismo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		(Programa Deputación 2019), composición Tribunal e lugar, data e hora para celebración das probas selectivas
244	10/05/2019	Aprobación autoliquidación canon da auga 1º cuatrimestre do 2019
245	13/05/2019	Expediente limpeza de fincas
246	13/05/2019	Expediente para retirada de árbores que invaden vía municipal en Illobre
247	13/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
248	15/05/2019	Expediente limpeza de fincas en san Andrés de Trobe
249	15/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
250	15/05/2019	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
251	15/05/2019	Listaxe definitiva de admitidos/excluídos proceso de selección técnico/a de turismo
252	15/05/2019	Autorizando corte de vía en Quintáns –San Xián de Sales por obras de construción de muro
253	16/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
254	16/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
255	20/05/2019	Aprobación proxecto de substitución de caldeira preexistente no CEIP de Ortigueira e solicitude de subvención ao INEGA
256	20/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
257	23/05/2019	Autorizando a realización de fogueiras de San Xoán
258	23/05/2019	Licenza posesión animal de compañía
259	23/05/2019	Autorizando prórroga do servizo activo de don José I. Munín Castelao no concello, logo de cumprida a idade de xubilación , a pedimento do interesado
260	23/05/2019	Aprobación convenio cos concellos de Boqueixón, Touro e Vila de Cruces para o programa Galeuropa 2019
261	23/05/2019	Solicitude subvención programa Galeuropa Val do Ulla 2019
262	23/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
263	24/05/2019	Adxudicando a Acofide 2000 Xestión, S.L o mantemento e socorrismo da piscina municipal, tempada de verán 2019. Exp. Contrato menor 2019/C002/000026
264	24/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
265	24/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
266	27/05/2019	Alta SAF –Libre concorrancia
267	27/05/2019	Concesión de axuda de emerxencia social
268	27/05/2019	Delegando funcións Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde os días 30 e 31 de maio
269	27/05/2019	Aprobación nóminas mes de maio
270	27/05/2019	Baixa na gardería municipal
271	28/05/2019	Ordenando pagamento ao Concello de Boqueixón do 20% da subvención do Programa Conxuga
272	28/05/2019	Alta no padrón municipal de habitantes
273	28/05/2019	Autorizando corte de tráfico para a baixa da Virxe de Gundián en Ponte Ulla
274	29/05/2019	Alta SAF-Libre concorrancia
275	29/05/2019	Adxudicando a Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.L contrato menor de servizos de realización de análises, toma de mostras, redacción de parte dos plans específicos do abastecemento de Protocolo de Autocontrol e outros (Expediente núm. 2019/C002/000027)
276	29/05/2019	Adxudicando a Barreras de Seguridad, S.L traballos de desmontaxe de varanda de seguridade existente e colocación doutra (Exp. Contrato menor 2019/C002/000028)
277	30/05/2019	Autorización Día da Bicicleta
278	30/05/2019	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Escrito núm. 788/19 do CRA. Boqueixón-Vedra “Neira Vilas”



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do citado escrito no que dona M^a. Elena García Iglesias, directora do CRA Boqueixón –Vedra “Neira Vilas” expón que o vindeiro 14 de xuño teñen prevista facer a derradeira saída do curso escolar a Pobo Aventura, polo que solicita que o concello colabore cos gastos da viaxe dun dos tres autobuses.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.